

CONVENIO DE CESIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO E O CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA A CESIÓN TEMPORAL DE CAMIÓN.-

En Vigo, na data de sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Patricia Rodríguez Calviño, concelleira delegada da Mancomunidad de Área Intermunicipal de Vigo, en nome e representación de dita entidade en virtude da Resolución da Presidencia de data 21 de xullo de 2023.

Doutra, D^a Maria Dolores Castiñeira Alén, Alcaldesa do Concello de Salceda de Caselas, actuando en nome e representación do referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril das bases de réxime local (LRBRL).

Da fé do acto a Secretaria da Mancomunidad de Área Intermunicipal de Vigo, no exercicio das función segundo o disposto no art. 3.2.j) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, sobre o réxime xurídico de funcionarios de habilitación de carácter nacional.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- En data 4 de outubro de 1996 os concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior asinaron coa Mancomunidad de Área Intermunicipal de Vigo un convenio de en cesión do camión de bacheo marca IVECO, con cisterna, modelo 170E18, de 180 CV, co nº de bastidor BO28358 e matrícula PO-6828-BB para o seu uso polo tres concellos en réxime compartido e por tempo indefinido coa obriga de satisfacer os gastos derivados do seu funcionamento.

II.- O Concello de Pazos de Borbén mediante escrito de data 18 de decembro de 2024, renuncia, entre outros, ao uso do camión de bacheo e



solicita a devolución e a súa retirada por falta de uso e por atoparse inoperativo en instalacións do concello.

III.- En data de 30 de decembro de 2024, o Concello de Soutomaior solicita oficialmente a cancelación do convenio de cesión e renuncia ao uso da maquinaria cedida en base ao convenio de 04/10/1996.

IV.- En data 30 de decembro de 2024 o Concello de Fornelos de Montes, solicita a devolución/baixa do camión de bacheo marca IVECO con cisterna con matrícula PO-6828-BB, por non estarlle dando uso e polo tanto, a resolución parcial do convenio asinado, renunciando á utilización deste vehículo.

V.- En data 13.05.2025 por Resolución da concelleira delegada da Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo aceptouse a devolución do camión de bacheo marca IVECO, con cisterna, modelo 170E18, de 180 CV, con no de bastidor BO28358 e matrícula PO-6828-BB por parte dos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén e Soutomaior (a totalidade dos concellos que o compartían en réxime de cesión). Na mesma data comunicouse aos concellos que forman parte da MAIV a dispoñibilidade dun camión de bacheo para a súa posible cesión.

VI.- En data 10.07.2025 a Sra. Alcaldesa do Concello de Salceda de Caselas presenta escrito no que amosa o seu interese na cesión de uso do camión matrícula PO-6828-BB ao Concello de Salceda de Caselas , estando en disposición de asumir os custos derivados da ITV pendente así como das reparacións que poida precisar para a súa posta a punto.

VII.- Que o Concello de Salceda de Caselas forma parte da Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo segundo o disposto nos seus Estatutos (BOP Núm.73 de data 17 de abril de 1997).

VIII.- Que a Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo, conforme aos seus estatutos ten, entre outras, a competencia en materia de protección de medioambiente, infraestruturas e servizos.

E, na súa virtude, ambas entidade consideran oportuno subscribir un convenio polo que se instrumentaliza a cesión temporal do vehículo camión de bacheo marca IVECO, con cisterna, modelo 170E18, de 180 CV, co nº de bastidor BO28358 e matrícula PO-6828-BB.

CLÁUSULAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 09:51	Páxina 2 de 6
561-14	CSV: A4AED4-B355DF-4AB625-91RX6B-17H57R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.-OBXECTO

O obxecto do presente convenio interadministrativo é regular as condicións para a cesión temporal ao Concello de Salceda de Caselas do vehículo "camión de bacheo marca IVECO, con cisterna, modelo 170E18, de 180 CV, co nº de bastidor BO28358 e matrícula PO-6828-BB" para o seu uso polo devandito concello no exercicio das competencias en materia de protección de medioambiente, infraestruturas e servizos.

SEGUNDA.- CONDICIÓN E OBRIGAS DAS PARTES.-

Por parte da Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo

- A Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo cede temporalmente ao Concello de Salceda de Caselas o vehículo "camión de bacheo marca IVECO, con cisterna, modelo 170E18, de 180 CV, co nº de bastidor BO28358 e matrícula PO-6828-BB" para o seu uso por dito concello no exercicio no seu ámbito material das competencias en materia de protección de medio ambiente, infraestruturas e servizos.

- Asinarase un acta de entrega/recepción do vehículo e da documentación preceptiva necesarios para que poida circular regulamentariamente.

Por parte do Concello de Salceda de Caselas

- O concello de Salceda de Caselas acepta a cesión temporal durante catro (4) anos do vehículo "camión de bacheo marca IVECO, con cisterna, modelo 170E18, de 180 CV, co nº de bastidor BO28358 e matrícula PO-6828-BB" no seu estado actual para o seu uso por dito concello no exercicio das competencias en materia de protección de medio ambiente, infraestruturas e servizos.

- Asinarase un acta de entrega/recepción do vehículo e da documentación preceptiva necesarios para que poida circular regulamentariamente.

- Todos os gastos que xere o vehículo, como mantementos, reparacións, reposición e cantos sexan esixidos para o seu funcionamento dos vehículos, seguros, gastos de inspección técnica de vehículos ITV e eventuais sancións deberán ser aboados polo Concello de Salceda de Caselas inclusive aos custos derivados da ITV pendente así como das reparacións que poida precisar para a súa posta a punto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 09:51	Páxina 3 de 6
561-14	CSV: A4AED4-B355DF-4AB625-91RX6B-17H57R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O Concello de Salceda de Caselas comprométese a que todo condutor do vehículo dispoña dos permisos de condución vixentes e non estea imposibilitado para conducir este vehículo por razóns legais que lle impidan facer uso correcto do mesmo.

- O Concello de Salceda de Caselas obrígase a conservar diligentemente o vehículo, destinándoo ao uso pactado.

TERCEIRO.- FINANCIAMENTO

A sinatura do presente Convenio non comportará gasto para a Mancomunidade de Área Intermunicipal de Vigo.

CUARTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes actuando como secretario/a unha persoa empregada pública da MAIV.

QUINTO.- DURACIÓN E VIXENCIA.

De conformidade co contido do artigo 49 h) da LRXSP a duración deste Convenio fíxase en catro (4) anos e terá vixencia dende a súa sinatura polas partes.

O Convenio poderá prorrogarse por catro (4) anos máis, sen que a súa duración total poda superar o prazo máximo de oito (8) anos. .

SEXTO- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

Calquera modificación non prevista do contido deste Convenio precisará do acordo expreso das partes asinantes e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

SÉTIMO.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 09:51	Páxina 4 de 6
561-14	CSV: A4AED4-B355DF-4AB625-91RX6B-17H57R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo; transcorrido o mesmo, se persistira o incumprimento, notificaráselle ás partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

OITAVO.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

NOVENO.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 09:51	Páxina 5 de 6
561-14	CSV: A4AED4-B355DF-4AB625-91RX6B-17H57R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan dixitalmente o presente convenio,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 09:51	Páxina 6 de 6
561-14	CSV: A4AED4-B355DF-4AB625-91RX6B-17H57R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		